

CONCELLO DE XOVE

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 13 DE OUTUBRO DE 2015.

Asistentes:**Alcalde-Presidente:**

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

Vocais:

D^a M^a Dolores Meitin Guerreiro

D^a Ana María Abad López

Secretario:

D. Luís M. Fernández del Olmo

Interventora:

D^a Elena Santos Rey

Ausente:

D^a Cristina Iglesias Guerreiro

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dez horas e trinta minutos do día trece de outubro de dous mil quince, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. José Demetrio Salgueiro Rapa a, coa asistencia dos Sres. concelleiros á marxe relacionados, do Secretario, D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebrar a sesión extraordinaria correspondente a este día, previa convocatoria ó efecto e en primeira convocatoria.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde declarouse aberta a sesión.

A) APROBACIÓN SI PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE 17 DE SETEMBRO DE 2015.

De seguido, pola Sra. Alcaldesa, pregúntase ós asistentes si teñen algunha observación que formular á acta da sesión anterior de 17 de setembro de 2015.

Non formulándose ningunha reclamación, queda aprobada por unanimidade a acta da sesión anterior.

B) LICENCIAS E OBRA E APERTURA

B.1) SOLICITUDE DE D. PERFECTO LAMELAS EIJO RELATIVO A REALIZACIÓN DE OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE NAVE PARA USO AGROPECUARIO EN POCEIRAS-SUMOAS.

Vista solicitude formulada por D. Perfecto Lamelas Eijo con D.N.I nº: 77.591.720-R con domicilio en C/ Ramón Farré, 4 3º B (27880 Burela) para realización de obras de construción de nave para uso agropecuario en Poceiras-Sumoas.

Ref.Catastral:27025A024000130000JG-27025A024000140000JQ27025A024000120000JY-27025A024000110000JB-27025A024000100000JA-27025A024000700000JA-27025A024000500000JH

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que :

- *De acordo coa documentación que se achega, asinado polo solicitante, e con proxecto técnico redactado polo arquitecto técnico D. Tomás Rodríguez Rapa, colexiado nº 376, as obras que se pretenden, sitúanse dentro dun área delimitada como SOLO RUSTICO DE PROTECCION AGROPECUARIA, artigo 32.2.A da LOUG, de acordo coa vixente normativa urbanística do Concello de Xove, P.X.O.M aprobado definitivamente 12-06-2012, e publicada no B.O.P do 14 de julio de 2012.*
- *Na memoria do proxecto presentado, no seu apartado 1.1.4. correspondente a ficha das condicións urbanísticas, xustifícase o cumprimento da Normativa do P.X.O.M e da LOUG para a edificación que se pretende levar a cabo.*
- *3º.-Ao abeiro do artigo 33.2.b da LOUG, trátase dunha edificación e instalación destinada ao apoio da gandaría extensiva e intensiva, granxas, currais domésticos e establecementos nos que se aloxen, manteñan ou críen animais e instalacións apícolas, polo que se pode outorgar licenza directa municipal.*

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impoñense as condicións seguintes:

- *A edificación que se pretende executarse de acordo co previsto no artigo 42 e según as condicións adicionais para outras actividades construtivas non residencias, artigo 44 da LOUG.*
- *Unha vez rematados os traballos correspondentes a nave, os accesos e o seu entorno deberán quedar en perfecto estado de servizo tanto no que a propia limpeza do vial se refire como do afirmado do devandito vial.*
- *As obras que se pretenden, no que á súa execución se refire e a os materiais a empregar, adaptaranse en todo ó previsto nos artigos 33 e 34 da lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da lei 9/2002, e no que ás condicións de edificación se refire, poderase edificar de acordo co previsto no artigo 44 desta Lei.*
- *Na memoria do proxecto presentado, no seu apartado Memoria urbanística; xustifícase o cumprimento da Normativa para a construción da edificación que se pretende levar a cabo, así como a solución dos servizos de infraestruturas básicas das instalacións no anexo presentado a memoria do proxecto.*
- *Asimismo apórtase fotocopia do libro de rexistro de explotación equina a Nome da solicitante.*
- *Respetarase a tipoloxía da edificación con respecto do ámbito no que se atopa, adaptándose na súa totalidade estas obras ao previsto no Artigo 29 da lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da lei 9/2002 de protección do medio rural de Galicia, no relativo ás condicións de edificación.*
- *Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial, debendo a empresa construtora dispoñer do obrigado seguro de responsabilidade civil.*
- *Previo ao inicio das obras solicitarase a presenza dos servizos técnicos municipais, ao obxecto de levantar a corresponde ACTA DE REFORMULO.*
- *Unha vez finalizados os traballos para os que se solicita a licenza de construción, e a súa adaptación á Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de protección do medio rural de Galicia, se deberá solicitar a correspondente Licenza de Primeira Utilización, para a actividade agropecuaria que se pretende desenrolar nestas instalacións.*
- *De acordo co exposto nos apartados anteriores, infórmase favorablemente a licenza que se solicita.*

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 22.891,64€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 457,83€-

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.2) SOLICITUDE DE D. HORACIO PARAPAR LEGAZPI RELATIVO A CONSTRUCCIÓN DE COBERTIZO AUXILIAR EN REBOREDO, 2 –XUANCES.

Vista solicitude formulada por D. Horacio Parapar Legazpi con D.N.I nº: 76.569.591-S con domicilio en Avda. Cantarrana, 18 (27850 Viveiro) para realización de obras de cobertizo auxiliar en Reboredo, 2 Xuances. Expediente: 3345/15 .- Ref.Catastral: 27025A019001170000JW.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que

- *1º.-De acordo coa documentación que se achega, asinada polo solicitante, e con proxecto técnico redactado polo arquitecto técnico D.Tomás Rodríguez Rapa, colexiado nº 376, as obras que se pretenden, sitúanse dentro da área delimitada como SOLO DE NUCLEO RURAL en la ZONA TRADICIONAL, de acordo coa vixente normativa urbanística do Concello de Xove, P.X.O.M aprobado definitivamente 12-06-2012, e publicada no B.O.P do 14 de julio de 2012. Núcleo rural de REBOREDO.*
- *2º.-De acordo co previsto no artigo 289 Do P.X.O.M trátase dunha edificación auxiliar que deberá cumprir as condicións xerais previstas no Artigo 158.2 desta normativa e no propio artigo 289.*
- *3º.- A edificación que se pretende executarase de acordo co previsto no artigo 42 e según as condicións adicionais para outras actividades construtivas non residencias, artigo 44 da LOUGA.*
- *4º.-As obras que se pretenden, no que á súa reparación se refire e a os materiais a empregar, adaptaranse en todo ó previsto nos artigos 33 e 34 da lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002, e no que ás condicións se edificación se refire, poderase edificar de acordo co previsto no artigo 44.2, desta Lei.*
- *5º.-Na memoria do proxecto presentado, no seu apartado 1.2.3. Normativa urbanística; e no apartado 1.2.4; Ficha urbanística, xustifícase o cumprimento da Normativa para a construción da edificación que se pretende levar a cabo.*

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- Respetarase a tipoloxía da edificación con respecto do ámbito no que se atopa, adaptándose na súa totalidade estas obras ao previsto no Artigo 29 da lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da lei 9/2002 de protección do medio rural de Galicia, no relativo ás condicións de edificación.
- Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial, debendo a empresa construtora dispoñer do obrigado seguro de responsabilidade civil.
- Previo ao inicio das obras solicitarase a presenza dos servizos técnicos municipais, ao obxecto de comprobar o estado do reformulo actual da edificación así como o estado orixinario da edificación, e poder constatar o seu estado definitivo unha vez finalizados os traballos para os que se solicita a licenza de construción, e a súa adaptación á Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de protección do medio rural de Galicia.
- De acordo co exposto nos apartados anteriores, infórmase favorablemente a licenza que se solicita.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 3.698,00€.- salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 73,96€.-

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.3) SOLICITUDE DE D^a MABELITA ROLLE ROLLE RELATIVO A CONSTRUCCIÓN DE COBERTIZO AUXILIAR EN ACCESO CAMPO DE FUTBOL, 20 XOVE.

Vista solicitude formulada por D.^a Mabelita Rolle Rolle con D.N.I nº: 76.563.742P con domicilio en C/ Acceso Campo de fútbol nº 16.- (27870 Xove) para realización de obras de cobertizo auxiliar en C/ Acceso Campo de Fútbol, 20 – Xove. Expediente: 3208/15.- Ref. catastral:0883104PJ2308S0001LF

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que

- *De acordo coa documentación que se achega, asinada polo solicitante, e con proxecto técnico redactado polo arquitecto técnico D.Tomás Rodríguez Rapa, colexiado nº 376, as obras que se pretenden, sitúanse dentro da área delimitada como SOLO URBANO ORDENANZA O-4 grado 2, de acordo coa vixente normativa urbanística do Concello de Xove, P.X.O.M aprobado definitivamente 12-06-2012, e publicada no B.O.P do 14 de julio de 2012. Artigo 269.-Condiciones particulares do solo urbán consolidado.*
- *Na memoria do proxecto presentado, no seu apartado 1.1.Memoria urbanística; xustifícase o cumprimento da Normativa para a construción da edificación que se pretende levar a cabo.*

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impoñense as condicións seguintes:

- *Respetarase a tipoloxía da edificación con respecto do ámbito no que se atopa, adaptándose na súa totalidade estas obras ao previsto no Artigo nº 29 da lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da lei 9/2002 de protección do medio rural de Galicia, no relativo ás condicións de edificación así como ao previsto no artigo 269 do P.X.O.M.*
- *Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial, debendo a empresa construtora dispoñer do obrigado seguro de responsabilidade civil.*
- *Antes do inicio das obras, por parte dos servizos técnicos municipais, deberase levantar a correspondente acta de reformulo, tanto no que ás aliñacións municipais se refire como a normativa correspondente.*
- *Os retranqueos a vial, axustaranse ao previsto no sistema viario, do P.X.O.M en vigor no Concello de Xove.*
- *De acordo co exposto nos apartados anteriores, infórmase favorablemente a licenza que se solicita.*

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 5.719,85€.-salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 114,40€.-

4º) Fíxase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.4) SOLICITUDE DE D. JESÚS SACO BARCIA RELATIVO A MODIFICACION E ACONDICIONAMENTO DE LOCAL ANEXO A VIVENDA UNIFAMILIAR EN CANELAS-PORTOCELO.

Vista solicitude formulada por D. Jesús Saco Barcia con D.N.I nº: 42953532-C con domicilio en Xunqueira, 1 5º E (27850 Viveiro) para realización de obras de modificación e acondicionamento de local anexo a vivenda unifamiliar sito en Canelas-Portocelo.

Polígono nº 62.- Parcela nº 394.- Expediente: 3958/14

Referencia catastral:27025A062003940000JP

Referencia catastral:27025A062003940001KA

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que:

- *1º.-De acordo coa documentación que se achega, asinada polo solicitante, e con proxecto técnico redactado polo arquitecto Don José Díaz López, as obras que se pretenden, sitúanse dentro da área delimitada como SOLO DE NUCLEO RURAL ZONA TRADICIONAL, de acordo coa vixente normativa urbanística do Concello de Xove, P.X.O.M aprobado definitivamente 12-06-2012, e publicado no B.O.P do 14 de julio de 2012. Burgo CANELAS.-Xove. Trátase dunha edificación en uso na actualidade como vivenda, na que se pretende ampliar un local para almacén en planta baixa, e para dormitorio con baño na planta alta.*
- *2º. -Asimesmo, no proxecto, xustifícase, no Apartado da Memoria urbanística o cumprimento da Normativa municipal, os datos comparados, así como no plano de localización a adaptación do inmovible que se pretende ampliar, e a súa adaptación a vixente Normativa urbanística.*
- *3º. -A edificación que se pretende, de acordo co proxecto que se achega, adáptase á tipoloxía do ámbito no que subica.*

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impoñense as condicións seguintes:

- *As condicións de edificación adaptaranse ao previsto no Artigo 29 da Lei 9/2002 do 30 de decembro de Ordenación Urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola lei 15/2004 do 29 de decembro.*
- *No proxecto achegado, no seu apartado da memoria, xustifícase o cumprimento do Código técnico da edificación en desenvolvemento do preceptuado na lei de Ordenación da edificación nos que son de aplicación neste caso.*
- *Previo ao inicio das obras solicitarase a presenza dos servizos técnicos municipais, co obxecto de comprobar o estado do reformulo actual da edificación así como o seu estado orixinario , e poder constatar o seu estado definitivo unha vez finalizados os traballos para os que se solicita a licenza de reparación, así como a súa adaptación á Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de protección do medio rural de Galicia.*

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 14.562,46 € salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 291,25 €.-

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.5) LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ACTIVIDADE INOCUA DE ESTABLECEMENTO DEDICADO A ACADEMIA DE INGLÉS EN C/CAMIÑO REAL 18 – XOVE.

Visto o expediente tramitado a instancia de D^a María Raquel Díaz Álvarez con DNI: 33993.910-W con domicilio en Avda. Diputación, 56 3º A (27870 Xove) que solicita a regulamentaria licenza

para abrir ó público un establecemento que haberá de dedicarse a **ACADEMIA DE INGLÉS** sito en Rúa Camiño Real 18 baixo – Xove.

Cumpridos os trámites esixidos e resultando acreditado o dereito á licenza que se pretende obter. No uso das facultades conferidas pola Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, de 2 de abril de 1985 e Texto Refundido das Disposicións Legais en materia de Réxime Local aprobado por R. D. Legislativo 781/1986 de 18 de abril, en consonancia coa correspondente Ordenanza fiscal, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria acorda conceder a licenza que se solicita, así como aproba-las taxas que figuran no expediente, que deberá ser ingresada previamente nas arcas municipais, sen este requisito a licenza non surtirá efecto ningún.

B.6) LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ACTIVIDADE INOCUA DE ESTABLECIMENTO DE FRUTERÍA EN C/TOMÁS MARIÑO PARDO, 3 (XOVE).

Visto o expediente tramitado a instancia de Alimentación Fraga e Neira S.L. con CIF: B-27298033, con domicilio en C/ Iglesia 19 (27850 Vieiro-Viveiro), que solicita a regulamentaria licenza para abrir ó público un establecemento que haberá de dedicarse a **frutería** sito en C/ Tomás Mariño Pardo, 3 baixo (Xove).

Cumpridos os trámites esixidos e resultando acreditado o dereito á licenza que se pretende obter. No uso das facultades conferidas pola Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, de 2 de abril de 1985 e Texto Refundido das Disposicións Legais en materia de Réxime Local aprobado por R. D. Legislativo 781/1986 de 18 de abril, en consonancia coa correspondente Ordenanza fiscal, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria acorda conceder a licenza que se solicita, así como aproba-las taxas que figuran no expediente, que deberá ser ingresada previamente nas arcas municipais, sen este requisito a licenza non surtirá efecto ningún.

B.7) SOLICITUD DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENCIA DE APERTURA ESTABLECIMENTO DE FERRETERÍA AL POR MENOR SITO EN AVDA. DIPUTACIÓN 45/BAJO -XOVE.

Vista solicitude de D^a María Dolores Suárez Oliver con DNI 76.564.115-J con domicilio en Avda. Diputación, 45 (Xove) de cambio de titularidade de licenza de apertura de establecemento sito en Avda. Diputación, 45 baixo (Xove) que en la actualidade figura a nome de D. Antonio Suárez Eijo para que figure como nova titular D^a María Dolores Suárez Oliver.

Vista acta de inspección de actividades do Arquitecto Técnico Municipal que manifesta que:

- *De acordo coa solicitude de cambio de titularidad de licenza de apertura de establecemento para FERRETERIA AL POR MENOR, e comparecido o técnico que subscribe no establecemento, puido constatar que o local cuio cambio de titularidade para licenza da actividade que se pretende, continua coa mesma actividade, para a que no seu día se concedeu a oportuna licenza municipal, a favor do solicitante, reunindo as condicións de solidez e seguridade, para a explotación da mesma, así como o cumprimento da Normativa de Protección contraincendios, coa existencia de extintores en regra e as saídas de evacuación correctas, de acordo con certificado emitido polo Arquitecto técnico D.Tomás Rodríguez Rapa, colexiado nº 376.*
- *Polo anteriormente exposto, infórmase favorablemente a solicitude de cambio de titularidade que se solicita, para esta actividade, nas mesmas condicións que a licenza outorgada no seu día, e coa obrigatoriedade de dar cumprimento as normativas en vigor, e asemade os condicionantes que no se momento se fixeron para o desenrolo de esta actividade.*

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en votación ordinaria acordase:

1º) Autorizar o cambio de titularidade da licenza de apertura de establecemento de FERRETERÍA AL POR MENOR sita en Avda. Diputación, 45 baixo (27870 Xove) para que sexa substituído como titular por D^a M^a Dolores Suárez Oliver previo pago das taxas correspondentes.

2º) Facultar á Alcaldía - Presidencia para a realización de cantos actos, trámites o xestións sexan procedentes para el bo fin dos acordos adoptados.

B.8) SOLICITUDE DE D. MANUEL PETEIRA GONZALEZ RELATIVO A REALIZACIÓN DE OBRAS DE SUSTITUCIÓN DE CUBERTA DE VIVENDA SITA EN C/GENEROSA VILLALBA Nº 4.-XOVE.

Vista solicitude formulada por D. MANUEL PETEIRA GONZALEZ con D.N.I nº: 33.856.107S con domicilio en C/Generosa Villalba Nº 2.-(27870 XOVE), para realización de obras de sustitución de cuberta de vivenda en C/Generosa Villalba Nº 4.-XOVE.

REF. CATASTRAL: 0182809PJ2308S0001TF.- Expediente: 1075/15

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que :

- De acordo coa solicitude que se achega, asinada polo solicitante, e de acordo co proxecto técnico redactado pola arquitecta técnica Dona Aroa Mayo Rodríguez, colexiada nº 562; As obras que se pretenden, sitúanse dentro da área delimitada como SOLO URBAN DE XOVE.- ORDENANZA O-1.(Barrio Orixinario de Xove), de acordo coa vixente normativa urbanística do Concello de Xove, P.X.O.M aprobado definitivamente 12-06-2012, e publicado no B.O.P do 14 de julio de 2012.XOVE.-Núcleo urbán.
- O inmovible atópase ubicado nun entorno afectado por unha área de protección, do núcleo urbán de Xove , dentro do catálogo de elementos a protexer ou recuperar nomeados con números:BIC nº 13, 35, 36, 37, 38, 39, 40, 41 e 42, dentro do catálogo de elementos a protexer ou recuperar.
- Se ben as obras que se pretenden non varían a configuración do inmovible, de acordo co previsto no artigo 401 do P.X.O.M, e de conformidade coas disposicións contidas na lei 8/95 de Patrimonio Cultural de Galicia (LPCG), artigo 44, a intervención en cada un dos Bens de Interés Cultural (BIC) e nos seus entornos de protección, declarados o incoados, deberá recabarse informe da Dirección Xeral de Patrimonio, previo a concesión de calquera licenza de obra a realizar en ditos entornos.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impoñense as condicións seguintes:

- *A edificación cuia cuberta se pretende sustituir, de acordo co solicitude que se achega, adaptarse a tipoloxía do ámbito no que se ubica.*
- *Respetarase o primitivo deseño e tipoloxía da edificación e ámbito, adaptándose na súa totalidade estas obras de reparación ao previsto nas ordenanzas do vixente P.X.O.M municipal.*
- *Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial.*
- *Previo ao inicio das obras solicitarase a presenza dos servizos técnicos municipais, ao obxecto de comprobar o estado do reformulo actual da edificación así como o estado orixinario do inmovible, para poder constatar o seu estado definitivo unha vez finalizados os traballos para os que se solicita a licenza de reparación, e a súa adaptación á Normativa urbanística municipal.*
- *Na data 05 de outubro de 2015 tivo entrada nestas dependencias municipais, con rexistro de entrada 3.459, o preceptivo informe da Xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación dando resolución favorable do expediente 21167 con cumprimento das seguintes obrigas:*
 - *A estrutura de hormigón non poderá ser visible dende o exterior.*
 - *A cuberta deberá rematarse con lousa irregular do país.*
 - *Os canalóns e baixantes serán en cobre ou en cinc.*
- *Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial, debendo a empresa construtora dispoñer do obrigado seguro de responsabilidade civil.*
- *Previo ao inicio das obras solicitarase a presenza dos servizos técnicos municipais, co obxecto de comprobar o estado do reformulo actual da edificación así como o seu estado orixinario , e poder constatar o seu estado definitivo unha vez finalizados os traballos*

para os que se solicita a licenza de reparación, así como a súa adaptación á Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de protección do medio rural de Galicia.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 19.710,73€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 394,21€.

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

C) CONTAS E FACTURAS

Neste punto non se adoptou ningún acordo.

D) OUTROS ASUNTOS DE GOBERNO MUNICIPAL

D.1) ESCRITO DA ASOCIACIÓN DE AXUDA Ó ENFERMO MENTAL A MARIÑA PRESENTANDO A DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓN CONCEDIDA E SOLICITUDE DE LIBRAMENTO DO 30% RESTANTE DE PAGO

Visto o escrito presentado pola Asociación de Axuda ó Enfermo Mental “A Mariña” no que se presenta a documentación xustificativa da axuda concedida pola XGL na súa sesión de data 17 de setembro de 2015 para a actividade de ocio rehabilitador para usuarios da unidade residencial A Mariña coa finalidade de aprender a disfrutar do tempo de ocio para a mellora da súa calidade de vida (transporte).

Visto que a documentación reúne tódolos requisitos esixidos por acordo da Xunta de Goberno Local.

Visto o conforme da Interventora Municipal, acreditando a existencia de crédito comprometido no presuposto municipal.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acordase:

1º) Aceptar a documentación presentada como conta xustificativa do gasto realizado para a obtención da subvención municipal.

2º) O libramento do 30% restante da axuda concedida, e que ascende a 360 €. Dito libramento queda condicionado non obstante e de acordo coa base nº 47 da Execución do Orzamento Municipal para 2015, á presentación antes do 20 de decembro de 2015 dos documentos acreditativos do pagamento dos gastos presentados como xustificante.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as once horas e cinco minutos, polo Sr. Alcalde-Presidente, remátase a sesión, extendéndose a acta presente, de todo o que, como Secretario, dou fé.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo. Luís María Fernández del Olmo.